

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Traballo e Benestar

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Relacións Laborais

*Resolución de inscrición e publicación do laudo arbitral relativo ás táboas salariais do ano 2015 do convenio colectivo provincial de establecementos sanitarios de hospitalización, asistencia, consulta e laboratorios de análise clínicos*

Visto o contido do laudo arbitral de data 25 de maio de 2015 ditado por don Carlos Domenech de Aspe no procedemento de arbitraje seguido en base ao establecido no Acordo Interprofesional Galego sobre Procedimentos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), relativo á aplicación das táboas salariais durante o ano 2015 do convenio colectivo do sector de establecementos sanitarios de hospitalización, asistencia, consulta e laboratorios de análise clínicos, da provincia de A Coruña (código n.º 15000545011981), de conformidade co establecido no artigo 91 en relación co artigo 90, apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no artigo 27 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedimentos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo, no Real decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

A Xefatura Territorial de Traballo e Benestar da Coruña

#### RESOLVE:

1.º.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 19 de xuño de 2015.

Xefa territorial

MARÍA PILAR CARIDAD ALONSO

#### LAUDO ARBITRAL

CARLOS DOMENECH DE ASPE, designado árbitro en acta de compromiso arbitral de data 20 de maio de 2015 subscrita polas representacións das empresas e representantes dos traballadores dos sindicatos UXT e CIG do Sector de establecementos sanitarios de hospitalización, asistencia, consulta e laboratorios de análise clínicos da provincia da Coruña-Sanidade Privada, en base ao establecido no Acordo Interprofesional Galego sobre Procedimentos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), visto o expediente e oídas as alegacións das partes, dita o presente

#### LAUDO

#### ANTECEDENTES

A través dun proceso de mediación promovido no seo do AGA mantéñense reunións por ambas representacións, empresarial e social, finalizando cun acordo por maioría da representación social (composta por tres representantes de CIG, tres de UXT e un de CC.OO.) e unanimidade da parte empresarial nos seguintes termos:

“Reunidos na Coruña, na sede da Inspección de Traballo e no seo do AGA, e coa mediación de Carlos Domenech de Aspe, a 20 de maio de 2015, os compoñentes da Comisión Negociadora (relacionada na acta de constitución da presente mediación do 6 de abril do 2015) en relación co Convenio Colectivo do Sector de establecementos sanitarios de hospitalización, asistencia, consulta e laboratorios de análise clínicos da provincia da Coruña-Sanidade Privada, acadan as representacións de CIG e UXT, e coa conformidade da parte empresarial, o seguinte

## ACORDO

Aceptar por unanimidade da parte empresarial e por maioría da parte social (CIG e UXT) a arbitrase en equidade das discrepancias existentes entre as propostas das dúas partes, designando como árbitro ao mediador Carlos Domenech de Aspe.

CC.OO. quiere manifestar que non acepta o sometemento á arbitrase.

Todo elo conforme ao procedemento estipulado a estes efectos no AGA.”

En cumprimento deste acordo subscríbese acta de compromiso arbitral o 20 de maio de 2015 na que se establece como cuestión sometida a arbitrase: “Discrepancias entre as partes no conflito xurdido na Sanidade Privada da provincia da Coruña en relación coa aplicación das táboas salariais durante o ano 2015. Trátase dunha arbitrase en equidade”. Desígnase como árbitro ao asinante deste laudo.

As posturas finais mantidas polas partes na mediación eran as seguintes:

**Parte empresarial:** manteríanse as táboas salariais vixentes a 31 de decembro de 2014 e, por elo, recuperaríase polos traballadores, no caso das empresas que o aplicasen, o importe correspondente ao desconto efectuado do 1% ou aquel que correspondese se se realizou desconto.

Aplicaríase un 0,50% de incremento sobre as táboas salariais así calculadas para o ano 2015.

**Parte social (UXT e CIG):** as táboas salariais serían como as descritas na parte empresarial.

Aplicaríase un 0,75% de incremento sobre as táboas salariais así calculadas para o ano 2015.

## CONSIDERACIÓNS E FUNDAMENTOS

Como cuestión previa é preciso facer dúas consideracións de carácter xeral que deben ser tidas en conta á hora de chegar á decisión resolutiva final:

É claro que o árbitro debe cingirse na súa decisión unicamente á formulación presentada polas partes e ao que someteron como obxecto da súa decisión a través deste procedemento. “Caberá o recurso contra o laudo arbitral no caso de que non se observaron no desenvolvemento da actuación arbitral os requisitos e formalidades establecidos para o efecto, ou cando o laudo resolve sobre puntos non sometidos á súa decisión” (artigo 91 do Estatuto dos Traballadores).

Por tanto, debe limitarse o árbitro ao sometemento concreto, acordado polas partes, de que a decisión verse sobre as posturas manifestadas ao termo da mediación tal e como se expresou no acordo final subscrito.

Por outra banda, é necesario precisar que a liña divisoria entre as modalidades arbitrais, xurídica e de intereses, se encontra no feito de que o árbitro de dereito resolve o litixio aplicando unha norma preexistente, realizando unha actividade de subsunción do caso concreto no tipo legal en todo semellante á que levan a cabo os xuíces e Tribunais de xustiza, mentres que o árbitro de equidade decide a contenda mediante unha solución de oportunidade dada a carencia de regras de dereito positivo aplicables a unha controversia de posturas que manifestan os intereses de cada unha das partes.

Feitas estas consideracións xerais, debe facerse mención, en xeral, ao criterio que debe servir de fundamento para decidir a cuestión obxecto da arbitrase xa que, nas cuestións pura e directamente económicas e para resolver en equidade, o árbitro debe, considerando as formulacións das partes, manterse nun xusto medio en virtude do sometemento á arbitrase que ambas as partes aceptaron.

Entrando no exame concreto das cuestións sometidas a arbitrase, fanse as seguintes reflexións:

É necesario, para manter o criterio de equidade, partir da situación última á que se chegou nas formulacións das partes e cuxa falta de achegamento por ambas deu lugar á aceptación da arbitrase:

No que se refire á primeira cuestión, as táboas salariais a aplicar no ano 2015, existe coincidencia da parte empresarial e social no mantemento da contía que, en virtude do Convenio Colectivo, viña percibindo a 31 de decembro do ano 2014, polo que, en virtude desta coincidencia, o árbitro debe mantela nos seus propios termos.

No que incumbe ao incremento que debería aplicarse sobre aquelas táboas para o ano 2015, a proposta da parte empresarial cifra a contía nunha porcentaxe do 0,50% mentres que pola parte social demándase un 0,75%. Iso leva ao árbitro, nunha consideración estrita de equidade, a, mediante unha operación aritmética, manterse nun xusto medio que se cuantifica nun incremento do 0,625%.

En consecuencia, este árbitro por todas as consideracións apuntadas dita a seguinte

## RESOLUCIÓN

Durante o ano 2015 manteranse as táboas salariais vixentes a 31 de decembro de 2014 e, por elo, debe reintegrarse aos traballadores, no caso das empresas que o aplicasen, o importe correspondente ao desconto efectuado do 1% ou aquel que correspondese se se realizou desconto sobre aquelas táboas.

Aplicarase durante o ano 2015 un incremento, sobre as táboas salariais calculadas conforme ao apartado anterior, do 0,625%.

Os efectos económicos deste laudo arbitral aplicaranse desde o 1 de xaneiro de 2015 e, no seo da comisión paritaria do convenio colectivo, procederase á elaboración das táboas salariais conforme aos criterios expresados.

O presente laudo poderá ser impugnado ante a xurisdición social de acordo co punto 3 do artigo 27 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo.

Dado na Coruña, a 25 de maio de 2015.

O ÁRBITRO

Carlos Domenech de Aspe

2015/6831